



## MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA A PROL DA UTILIZACIÓN DO COMPLEXO DEPORTIVO DAS CANTEIRAS

Saleta Fernández de la Torre e Santiago Martínez López, concelleiros de Veciñanza ó abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan ante o Pleno da Corporación Municipal de Cuntis esta MOCIÓN, en base ós motivos e consideracións seguintes:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os horarios laborais e as tarefas do fogar fan que a actividade deportiva teña que ser posposta, na maioría dos casos, para realizar durante as últimas horas do día.

Unha das prácticas con maior número de seguidores é a de saír a correr e por este motivo, e tamén porque durante os meses de inverno aumenta o perigo por mor do escaso número de horas solares, consideramos que é o momento de darlle un impulso as instalacións públicas que temos. Así, tendo en conta que no noso concello temos unhas pistas de atletismo municipais equipadas coa iluminación apropiada e sendo coñecedores do gran número de xente que adoita ter esta rutina semanal, entendemos que este espazo debe estar a disposición de toda a cidadanía.

A propia LEI 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no seu artigo 8.4 declara competencia municipal:

“Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do seu uso e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.”

Pódese entender incluso como un proxecto comarcal, de igual xeito que moitas e moitos cuntienses nos desprazamos ata as piscinas climatizadas dos concellos limítrofes, dende aquí podemos ofertar a utilización destas pistas a nivel supramunicipal. Pois só Cuntis conta cunhas instalacións deste tipo entre tódolos concellos da nosa contorna.


Ademáis debemos aproveitar a ocasión para poñer en valor o campo de fútbol das Canteiras. Sabemos que está sendo utilizado pero poucas e poucos coñecen que poden darlle uso e onde e como se solicita.

Apostar pola plena utilización das Canteiras é un gran paso para converter este complexo deportivo nun referente comarcal, tomando deste xeito medidas que verdadeiramente incentiven unha vida sana entre a nosa poboación.


## **SOLICITAMOS**

1. Que as instalacións que forman parte do complexo deportivo das Canteiras sexan postas a disposición da cidadanía na maior brevidade posible, fixando uns horarios para o seu aproveitamento que respecten os adestramentos do clube de atletismo.
2. Renovar Ordenanza para uso de instalacións deportivas (pavillón, campo de fútbol, pistas de atletismo...

Cuntis, 23 de novembro de 2015.



Saleta Fernández de la Torre



Santi Martínez López

**Sr. Alcalde- Presidente do Concello – Pleno de CUNTIS**